

Protorromance

Guía didáctica ECTS

Curso 2007-2008

1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código: **Protorromance** (701216)
- Tipo de materia (troncal / obrigatoria / optativa / libre configuración):
Titulación de Filoloxía Románica: materia obrigatoria (1º ciclo, 2º curso)
Outras Filoloxías: materia optativa
- Ciclo e curso no que se imparte: 1º ciclo (2º curso)
- Número de créditos teóricos e prácticos: 12 créditos ECTS (9 teóricos + 3 prácticos)
- Duración: A / 1º C / 2º C: Anual
- Prerrequisitos recomendados: Ningún, aínda que axuda ter unha base aceptable en Latín
- Profesor(es) que a imparte(n): Francisco Fernández Campo e Mercedes Brea,
- Lingua(s) en que se imparte: galego, español
- Horas e lugar de titorías: **despachos 104** (Prof. Fdez. Campo) e **203** (Profª Brea). As titorías personalizadas, relacionadas coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), terán lugar os luns de 12 a 14 horas.
Para consultas de calquera tipo, xoves e venres, de 16 a 18 horas (Profª Brea).
Teléfono de contacto: 981 563100, ext. **11792** (Prof. Fdez. Campo) e **11829** (Profª Brea).
e-mail de contacto: fgfcampo@usc.es (Prof. Fdez. Campo) e fgrom002@usc.es (Profª Brea).

2. SENTIDO DA MATERIA NO PLAN DE ESTUDOS

A materia supón o punto de arranque para os estudos de Lingüística Románica, pois pretende mostrar aos estudantes cómo o latín ía experimentando unha serie de cambios co paso de tempo e a expansión xeográfica, que son o xermolo das características diferenciais das linguas románicas actuais. Por iso, está situada no plan de estudos no ano seguinte a aquel en que os alumnos cursan as materias de *Latín*, por unha parte, e *Introducción á Filoloxía Románica*, por outra, e antes de comezar cos *Primeiros textos románicos* (que é unha especie de continuación “natural” de *Protorromance*) e a *Literatura románica medieval*.

3. OBXECTIVOS DA MATERIA

Describir e analizar os mecanismos de evolución do latín falado e popular que permiten a emerxencia das variedades lingüísticas e dialectais románicas, de tal xeito que as diferenzas entre estas (e entre o conxunto delas e o “latín clásico”) encontren a súa razón de ser en tendencias internas da propia lingua latina, coa participación ocasional dalgúns factores externos, como poden ser os substratos, adstratos e superestratos lingüísticos.

4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

1. Introducción ao Protorromance
 - 1.1. Concepto e fontes para o seu coñecemento
 - 1.2. O latín: orixe, situación e historia
2. Factores externos que contribuíron á evolución do protorromance
 - 2.1. O substrato lingüístico do protorromance
 - 2.2. O superestrato lingüístico do protorromance
3. Evolución interna do protorromance
 - 3.1. Evolución fonética e fonolóxica.
 - 3.1.1. O acento
 - 3.1.2. Cambios na estrutura vocálica
 - 3.1.3. Cambios na estrutura consonántica.
 - 3.2. Evolución morfosintáctica do protorromance
 - 3.2.1. Cambios na morfoloxía nominal
 - 3.2.2. Cambios na morfoloxía verbal
 - 3.2.3. Cambios nas formas non flexivas
 - 3.2.4. Cambios na estrutura proposicional e sintagmática
 - 3.3. Evolución do léxico do protorromance

5. BIBLIOGRAFÍA

- Battisti, C., *Avviamento allo studio del latino volgare*, Da Vinci, Bari, 1949.
- Dardel, R., *À la recherche du protoroman*, Max Niemeyer, Tübingen, 1996.
- Díaz y Díaz, M.C., *Antología del latín vulgar*, Gredos, Madrid, 1962.
- Elcock, W. D., *Le lingue romanze*, Japadre, L'Aquila, 1975.
- Ernout, A. – A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*, Klincksieck, Paris.

García Hernández, B (ed.), *Latín vulgar y tardío: Homenaje a Veikko Väänänen*, Ed Clásicas, Madrid, 2000.

Gette Carpio, O., *El sistema vocálico del latín vulgar: estudios sobre su problemática*, Univ. de Barcelona, 1977.

Haadsma, R. A., *Précis de latin vulgaire*, Wolters s.l., 1963.

Hall, R. A., *Proto-Romance phonology*, Elsevier, New York, 1976.

Hall, R. A., *Proto-Romance Morphology*, John Benjamin, Amsterdam, 1983.

Harris, M. y Vincent, N. (eds.), *The romance languages*, Croom Helm, Londres, 1988.

Herman, J., *El latín vulgar*, Ariel, Barcelona, 1997.

Herman, J., *Du latin aux langues romanes: études de linguistique historique*, Max Niemeyer, Tübingen, 1990.

Iliescu, M. y Slusanski, D., *Du latin aux langues romanes*, Egert Verlag, Wilhelmsfeld, 1991.

Kontzi, R. (ed.), *Substrate and Superstrate in den romanischen Sprachen*, W.B., Darmstadt, 1982.

Lee, Ch., *Linguistica romanza*, Carocci, Roma, 2001.

Lloyd, P., *Del latín al español*, Gredos, Madrid, 1993.

Lüdtke, H., *Historia del léxico románico*, Gredos, Madrid, 1974.

Mariner Bigorra, S., *Latín vulgar*, UNED, Madrid, 1992.

Muller, H. F. y Taylor, P., *A Chestomathy of Vulgar Latin*, UMI, Ann Arbor, 1980.

Posner, R., *Las lenguas romances*, Cátedra, Madrid, 1998.

L. Renzi – A. Andreose, *Manuale di linguistica e filologia romanza*, Il Mulino, Bologna, 2003.

Rohlf, G., *Estudios sobre el léxico románico*, Gredos, Madrid, 1979.

Tagliavini, C., *Orígenes de las lenguas neolatinas*, FCE, Madrid, 1993 (2ª reimp.)

Tekavcic, P., *Grammatica storica dell'italiano*, Il Mulino, Bologna, 1980.

Väänänen, V., *Introducción al latín vulgar*, Gredos, Madrid, 1995.

Vârvaro, A., *Linguistica romanza: corso introduttivo*, Liguori, Napoli, 2001.

Vidos, B. E., *Manual de lingüística románica*, Aguilar, Madrid, 1977.

Wright, R., *Latín tardío y romance temprano*, Gredos, Madrid, 1989.

6. Competencias e habilidades

- Competencia lingüística suficiente para enfrentarse ulteriormente ao estudo da Lingüística e a Filoloxía Románicas.

- Comprensión da evolución de cada unha das linguas románicas contemplándoas no seu contorno inmediato e atendendo tanto ao que teñen en común coma ao inicio da diferenciación.

- Familiaridade coa lectura e análise lingüística dos primeiros textos románicos.

- Visión de conxunto da familia lingüística románica no momento previo á emerxencia das distintas variedades lingüísticas.

7. METODOLOXÍA E RECURSOS

O Prof. Fernández Campo ocuparase dos temas 1 e 2 e, tamén, do apartado 3.1. do tema 3, ao longo do primeiro cuadrimestre. No segundo cuadrimestre, a Prof. Brea terá ao seu cargo o resto do tema 3.

O curso adaptarase ao sistema ECTS, alternándose as clases teóricas impartidas polo profesor coas prácticas nas que os alumnos expoñerán diversos comentarios lingüísticos sobre textos protorromances, propostos polos profesores. Esta guía contén informacións básicas suficientes para orientar na preparación deses comentarios.

Tendo en conta que hai que realizar dúas probas escritas e varias probas orais (comentarios na clase), estímase que o tempo de traballo persoal que debe desenvolver un estudante para superar a materia é o seguinte:

- a) clases presenciais: 90 horas
- b) titorías personalizadas: 30 horas
- c) preparación das probas escritas: 80 horas
- d) elaboración de comentarios: 100 horas

Total: 300 horas (25 h./crédito)

8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

Están previstas dúas modalidades de avaliación, das que se recomenda seguir a primeira, que implica a asistencia continuada ás clases:

A) **Avaliación continua.** Sistema de avaliación para os alumnos que asistan con regularidade ás clases (un mínimo dun 90% de asistencia ás mesmas):

1. Unha *proba escrita*, tipo *test*, sobre os temas 1 e 2, que terá lugar na primeira quincena de decembro de 2007. Esta proba valorarase ata un máximo de 10 puntos, debendo acadar un mínimo de **5** puntos para superala. De non ser así, débese recuperar esta parte do temario no exame final (véxase epígrafe B).

2. *Probas orais.* Ao longo do curso o alumno deberá expoñer oralmente nas clases varios comentarios lingüísticos sobre textos protorromances seleccionados polo profesor (o número de comentarios dependerá da cantidade de alumnos matriculados), desenvolvendo así, na práctica, os distintos epígrafes do tema 3. Cada exposición será

valorada ata un máximo de 10 puntos, e é preceptivo expoñer todos os textos que lle correspondan a cada estudante.

3. Proba escrita, de carácter *práctico*, consistente nun comentario lingüístico de textos protorrománicos, que terá lugar na primeira quincena de xuño de 2008. Nesta proba os alumnos darán conta dos seus coñecementos globais aprendidos no desenvolvemento do tema 3. Valorarase ata un máximo de 10 puntos, debendo acadar un mínimo de **5** puntos para superala. De non ser así, recuperarase no exame final (véxase epígrafe B).

A proba 3 equivalerá ao 50% da cualificación final. Tanto a proba 1 coma a 2 equivalerán (cada unha delas) ao 25% desa nota global.

B) **Exame final.** Sistema de avaliación para alumnos que non asistan con regularidade á clase: Os alumnos que non asistan con regularidade ás clases (un mínimo dun 90% de asistencia) só terán dereito a presentarse ao exame final oficial (na data establecida pola Facultade), debendo dar conta de todo o programa nunha proba escrita de carácter teórico e práctico (comentario de textos). Esta proba valorarase ata un máximo de 10 puntos, debendo obter un mínimo de 5 puntos para superala; en calquera caso, na parte práctica deberá acadarse un mínimo de 4 puntos.

Os alumnos que se acolleran á modalidade A) e non conseguisen superar unha das probas escritas terán a posibilidade de realizar neste exame final só a parte non superada, sempre e cando se teñan realizado as probas orais segundo o programado.

NOTA IMPORTANTE: A opción do exame final será a única posible para aqueles alumnos que non poidan asistir con regularidade ás clases.

9. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

1) Recoméndase un nivel básico de lectura de, polo menos, unha lingua románica estranxeira (francés e/ou italiano, preferentemente) e, sobre todo, repasar os coñecementos básicos de latín (malia que estes non son requisito imprescindible, en tanto en canto se irán dando na clase as indicacións necesarias ao respecto). En calquera caso, a mellor maneira de asimilar os contidos da materia sen sobressaltos consiste en ir traballando todas as semanas de forma pausada, pero continuada, sen interrupcións.

2) **Fichas de alumno:** Deberán estar entregadas, debidamente cubertas e acompañadas de fotografía, antes do día 15 de outubro de 2007.

Planificación do traballo

PRIMEIRO CUATRIMESTRE

Durante os meses de outubro e novembro desenvolveranse os temas 1 e 2, mediante clases presenciais teóricas.

Nos meses de decembro e xaneiro desenvolverase o tema 3.1 con clases teóricas e prácticas sobre textos seleccionados previamente. Os alumnos presentarán na clases diversos comentarios de textos sobre cuestións fonéticas e fonolóxicas.

Para abordar tanto as clases teóricas como prácticas, iranse dando diversos materiais didácticos, así como esquemas e resumos, complementarios da bibliografía, a fin de desenvolver mellor o traballo práctico do alumno.

SEGUNDO CUATRIMESTRE

Na primeira clase, presentaranse os contidos dos apartados 3.2. e 3.3. do programa e explicarase o método de traballo que se vai seguir ao longo do cuatrimestre.

Distribuíranse os textos seleccionados das antoloxías coas que se traballará (as de Díaz e Iliescu – Slusanski que figuran na bibliografía) para a preparación dos comentarios e proporcionarase as indicacións precisas para a elaboración dos mesmos con axuda dos esquemas que figuran nesta guía.

A partir dese momento, traballarase sempre a partir dos textos: os estudantes deberán detectar as formas que presentan algún cambio con respecto aos estándares do latín e tentarán explicar cómo se produciron. A profesora ampliará os detalles da evolución pertinente ata onde sexa preciso.

Esquemas de traballo

1. *Introducción ao protorromance*

1.1. *Definición.*

1.1.1. Denominacións: latín vulgar, latín popular, latín coloquial, latín hablado, latín familiar.

Latín vs. latín vulgar.

1.1.2. Definición sociolóxica ou socio-cultural. Definición estilística. Definición crono-estilística.

1.1.3. Fontes e corpora literarios e non literarios para o coñecemento do protorromance.

1.2. *Orixe, situación e historia da lingua latina.*

1.2.1. Localización xeolingüística do latín.

1.2.1.1. O latín, lingua indoeuropea. A familia lingüística IDE.

1.2.1.2. O latín, lingua itálica. A familia lingüística itálica.

1.2.2. O latín, orixe das linguas románicas.

1.2.2.1. Expansión do latín.

1.2.2.2. As linguas románicas.

1.2.2.3. O protorromance, base das LR.

1.2.2.4. O proceso de fragmentación do protorromance.

1.2.2.5. O latín escrito e o latín cristián.

1.2.3. A diversificación lingüística da Romania.

1.2.3.1. Primeiros rasgos lingüísticos divisorios.

1.2.3.2. Factores determinantes no proceso de fragmentación lingüística.

2. *Factores externos que contribuíron á evolución e fragmentación do protorromance.*

2.1. O sustrato lingüístico. Concepto.

2.1.1. O sustrato itálico IDE.

2.1.2. O sustrato itálico prerromano e non IDE.

2.1.3. O sustrato celta.

2.1.4. Os sustratos na península ibérica.

2.1.5. O sustrato grego.

2.2. O superestrato lingüístico. Concepto.

2.2.1. O superestrato xermánico.

2.2.2. O superestrato eslavo.

2.2.3. O superestrato árabe.

2.2.4. O superestrato cultural greco-latino.

2.2.5. Relacións lingüísticas entre as linguas románicas.

3. *Evolución interna do protorromance.*

3.1. *Evolución fonética e fonolóxica.*

3.1.1. O acento. A centon tonal, acento de intensidade. Cambios silábicos provocados polo acento.

3.1.2. Cambios na estrutura vocálica.

3.1.2.1. O sistema vocálico latino clásico.

3.1.2.2. Cambios cualitativos no sistema vocálico en posición tónica.

LATIN CLÁSICO	ī	ĩ	ē	ě	ā	ǻ	ō	ō	ũ	ū
LATIN VULGAR	ı̄	ı̄	ɛ̄	ɛ̄	ɑ̄	ɑ̄	ɔ	ɔ	ū	ū
PROT. COMUN	i	e		e	a		ɔ	ɔ		u
PROT. BALCANICO	i	e		e	a		o		u	
PROT. SARDO	i		e		a		o		u	
PROT. SICILIANO	i			e	a		ɔ	u		

3.1.2.3. Cambios cualitativos no sistema vocálico en posición átona.

LATIN CLÁSICO	ī	ĩ	ē	ě	ā	ǻ	ō	ō	ũ	ū
LATIN VULGAR	ı̄	ı̄	ɛ̄	ɛ̄	ɑ̄	ɑ̄	ɔ	ɔ	ū	ū
PROT. COMUN	i	e			a		o			u
PROT. BALCANICO	i	e			a		u			
PROT. SARDO	i		e		a		o		u	
PROT. SICILIANO	i				a		u			

3.1.2.4. Evolución dos diptongos.

AE > ɛ / ɐ

OE > ɛ

AU > o

3.1.3. Cambios na estrutura consonántica.

3.1.3.1. O sistema consonántico latino clásico.

	LABIAIS		ALVEOL.		PALATAIS		VELARES		LABIOVE L.		LARING	
SONORIDA DE	XOR	SON	XOR	SON	XOR	SON	XOR	SON	XOR	SO N	XOR	SON
OCCLUSIVAS	P	B	T	D			K	G	K ^w	G ^w		
FRICATIVA S	F		S			(Y)		(W)			H	
NASAIS		M		N								
LÍQUIDAS				R L								

3.1.3.2. Cambios nos fonemas labiais.

W > β > V

B > β > V

3.1.3.3. Cambios nos fonemas xordos intervocálicos.

/P/ > /B/

/T/ > /D/

/K/ > /G/

3.1.3.4. Palatalización de consoantes.

/K/ + /E/, /I/ > Ć

/G/ + /E/, /I/ > Ğ

3.1.3.5. As consoantes iniciais, medias e finais.

3.1.3.6. Nexos consonánticos.

3.2. Evolución morfosintáctica do protorromance

3.2.1. Cambios na morfoloxía nominal

3.2.1.1. A flexión nominal

3.2.1.1.1. Situación latina

A. Tipos ou clases flexionais:

a) Clase I: caracterízase por ter o nom. sg. en /A/ e o xenit. sg. en /AE/ (tipo TERRA, -AE). Case tódolos substantivos desta clase son femininos, se ben pode haber tamén algún masculino, como NAUTA, POETA:

	singular	plural
nom.	ROSA	ROSAE
acus.	ROSAM	ROSAS
xen.	ROSAE	ROSARUM
dat.	ROSAE	ROSIS
ablat.	ROSA	ROSIS
locativo	(ROMAE)	

b) Clase II: ten o xen. en /i/. O nom. sg. pode responder a varias subclases:

b1) en /US/: case todos son masculinos, aínda que pode haber algún feminino e algún outro neutro;

b2) nom. sg. /Ø/, con dous subtipos, un que non presenta alternancia no lexema (PUER), e outro que si (AGER, AGRI): son todos masculinos;

b3) nom. sg. en /UM/: son todos neutros (VINUM, TEMPLUM):

	singular	plural
nom.	LUPUS/PUER/TEMPLUM	LUPI/PUERI/TEMPLA
acus.	LUPUM/PUERUM/TEMPLUM	LUPOS/PUEROS/TEMPLA
xen.	LUPI	LUPORUM
dat.	LUPO	LUPIS
ablat.	LUPO	LUPIS

c) Clase III: fan o xen. en /is/. De acordo co nominativo pódense establecer distintas subclases:

c1) nom. sg. en /s/, con alternancia no lexema (PONS, PONTIS; REX, REGIS) ou sen alternancia (DUX, DUCIS);

c2) nom. sg. /Ø/, tamén con (HOMO, HOMINIS; OS, ORIS) ou sen (ARBOR, ARBORIS) alternancia no lexema: podemos atopar aquí substantivos masc., fem. ou neutros;

c3) unha subclase especial de neutros, que se pode dividir en neutros en /E/ no nominativo (RETE, RETIS) e outros con nominativo /Ø/ (CALCAR, CALCARI);

c4) nom. sg. en /is/, sen alternancia no lexema (PANIS, NAVIS), se ben, especialmente en nomes de animais, podemos atopar no nom. sg. unha alternancia /es-/is/ (FELIS-FELES,

PALUMBIS-PALUMBES) que tal vez remita a unha primitiva distinción sexual (femias, /es/ - machos, /is/):

	singular	plural
nom.	REX/ARBOR/RETE/PANIS	REGES/ARBORES/RETIA/PANES
acus.	REGEM/ARBOREM/RETE	REGES/ARBORES/RETIA
xen.	REGIS	REGUM
dat.	REGI	REGIBUS
ablat.	REGE	REGIBUS

d) Clase IV: caracterízase por ter o xen. en /s/, unido a un lexema acabado en /u/. Ten dúas subclases, en correspondencia coa oposición animado (masc. –os máis- ou fem., con nom. en /us/, como FRUCTUS) / inanimado (neutro, con nom. sg. /Ø/, como CORNU):

	singular	plural
nom.	FRUCTUS/CORNU	FRUCTUS/CORNUA
acus.	FRUCTUM/CORNU	FRUCTUS/CORNUA
xen.	FRUCTUS	FRUCTUUM
dat.	FRUCTUI	FRUCTIBUS
ablat.	FRUCTU	FRUCTIBUS

e) Clase V: xen. sg. en /i/, ao que corresponde un nom. sg. en /s/ e un lexema acabado en /e/ (DIES, FIDES):

	singular	plural
nom.	DIES	DIES
acus.	DIEM	DIES
xen.	DIEI	DIERUM
dat.	DIEI	DIEBUS
ablat.	DIE	DIEBUS

B. Distribución acentual

No tocante á posición do acento¹, cómpre ter en conta a existencia de:

- substantivos con acento fixo: DUX, DUCIS; PONS, PONTIS.
- substantivos nos que o acento cambia no ámbito de dúas sílabas: ROSA, ROSARUM.
- substantivos nos que o acento cambia no ámbito de tres sílabas: ITER, ITINERIS, ITINERIBUS.

C. Número de sílabas

É importante ter en conta o número de sílabas existentes en nominativo e xenitivo singular, que nos permite distinguir entre nomes:

- ☞ **parisílabos**, que teñen o mesmo número de sílabas en ámbolos casos (ROSA, ROSAE; AGER, AGRI; RETE, RETIS; FRUCTUS, FRUCTUS); e
- ☞ **imparisílabos**, que teñen normalmente unha sílaba máis no xenitivo: PUER, PUERI; DUX, DUCIS.

D. Problemas

a) “irregularidades” do sistema:

a1)

¹ Este elemento, combinado co número de sílabas, terá unha importancia destacada na evolución romance dalgúns substantivos da clase III.

Nomin.	Xenitivo	Clase flexional
MURUS	MURI	II
TEMPUS	TEMPORIS	III, neutro
FRUCTUS	FRUCTUS	IV

a2) unha forma como TERRAE pode ser:

xen. sg.
dat. sg.
nom. pl.

b) Valor funcional da flexión:

A función podíase expresar:

b1) só mediante o caso: AMICUM SALUTO;

b2) mediante a combinación de caso e preposición: IN URBEM INIRE / EX URBE EXIRE.

Semanticamente, o caso é relevante só con aquelas preposicións que poden rexer (loxicamente, con valores distintos) casos diferentes: IN URBEM / IN URBE; en caso contrario, a función do caso é redundante: PROPTER POPULUM (non se pode dicir –non tería significado diferente- *PROPTER POPULO), CORAM POPULO (non *CORAM POPULUM).

c) Valor semántico da flexión:

c1) un mesmo contido semántico pódese expresar por medio de construcións diferentes: APTUS PUGNANDO / AD PUGNANDUM.

c2) contidos semánticos diferentes, mesmo contrapostos, poden responder a idéntica construción: CUM / SINE AMICO.

3.2.1.1.2. Modificacións protorromances

A. Modificacións fonéticas:

- ☞ Reducións no vocalismo.
- ☞ Desaparición de consoantes finais
- ☞ outras

B. Reducións de tipo morfolóxico:

- ☞ V > I: LUXURIES – LUXURIA; MATERIES – MATERIA; DIES – DIA; FACIES – FACIA.
- ☞ IV > II: (NURUS, SOCRUS > NURA, SOCRA): FRUCTUS, -US > FRUCTUS, -I; MANUS, -US > MANUS, -I
- ☞ III: regularizacións no nom. sg., tendencia a converte-los imparisílabos en parisílabos, etc.
- ☞ xeneralización dun nom. pl. –AS na I.

C. Cambios morfosintácticos:

a) Propagación do uso do acusativo:

- conversión do acus. en “caso preposicional”
- QUO? / UBI? (‘¿a onde? / ¿onde?’)
- extensión da transitividade: MALEDICERE ALICUI > MALEDICERE ALIQUEM, FRUI FELICITATE PERPETUA > FRUI FELICITATEM PERPETUAM.
- “acusativos absolutos”

b) Confusións dativo / xenitivo: EST PATRI MEO DOMUS (Plauto); GEMMA AUT COLLO DECUS AUT CAPITI.

3.2.1.1.3. Situación romance

Francés e occitano antigos

a1) Masculinos (clase II):

	Singular	plural
CS	MŪRUS > <i>murs</i>	MŪRI > <i>mur</i>
CR	MŪRUM > <i>mur</i>	MŪROS > <i>murs</i>

a2) Masculinos (clase III):

	Singular	plural
CS	CANIS > <i>ca(n)s, chiens</i>	*CANI > <i>ca(n), chien</i>
CR	CANEM > <i>ca(n), chien</i>	CANES > <i>ca(n)s, chiens</i>
CS	PATER > <i>paire, pere</i>	*PATRI > <i>paire, pere</i>
CR	PATREM > <i>paire, pere</i>	PATRES > <i>paire, peres</i>
CS	HŌMO > <i>om, OM</i>	HŌMĪNI > <i>ome, omme</i>
CR	HŌMĪNEM > <i>ome, omme</i>	HŌMĪNES > <i>omes, ommes</i>

b1) Femininos (clase I):

	Singular	plural
CS	PŌRTA > <i>porta, porte</i>	PŌRTAS > <i>portas, portes</i>
CR	PŌRTAM > <i>porta, porte</i>	PŌRTAS > <i>portas, portes</i>

b2) Femininos (clase III):

	Singular	plural
CS	NAVIS > <i>naus, nes</i>	NAVES > <i>naus, nes</i>
CR	NAVEM > <i>nau, nef</i>	NAVES > <i>naus, nes</i>
CS	MŪLIER > <i>mólher</i>	MŪLIĒRES > <i>molhérs, moilliérs</i>
CR	MŪLIĒREM > <i>molhér, moilliér</i>	MŪLIĒRES > <i>molhérs, moilliérs</i>

Romanés

a1) Masculinos (clase II):

	Singular	plural
Nom-Ac.	LUPU (ILLU) > <i>lupu(l)</i>	LUPI/OS (ILLI) > <i>lupi(i)</i>
Xen.Dat.	LUPO (ILLUI) > <i>lupu(lui)</i>	LUPIS (ILLORUM) > <i>lupi(lor)</i>

a2) Masculinos (clase III):

	Singular	Plural
Nom-Ac.	CANE (ILLE) > <i>cîine(l)</i>	CANES (ILLI) > <i>cîini(i)</i>
Xen.Dat.	CANIS (ILLUI) > <i>cîine(lui)</i>	*CANIS (ILLORUM) > <i>cîini(lor)</i>

b1) Femininos (clase I):

	Singular	Plural
Nom-Ac.	CAPRA (ILLA) > <i>capră/capra</i>	CAPRAS (ILLAS) > <i>capre(le)</i>
Xen.Dat.	CAPRAE (ILLAEI) > <i>capre(i)</i>	CAPRIS (ILLORUM) > <i>capre(lor)</i>

b2) Femininos (clase III):

	Singular	Plural
Nom-Ac.	NAVE (ILLA) > <i>nae(a)</i>	NAVES (ILLAS) > <i>năi(le)</i>
Xen.Dat.	NAVI (ILLAEI) > <i>năi(i)</i>	*NAVIS (ILLORUM) > <i>năi(lor)</i>

3.2.1.1.4. De todo o anterior, é fácil deducir cal é a situación da flexión nominal neste período protorromance:

- ✚ Por unha parte, o número de clases flexionais redúcese a tres:
 - a I contén substantivos maioritariamente femininos
 - a II presenta maioría de substantivos masculinos
 - na III conviven subst.. masculinos e femininos
- ✚ Por outra, o número de tipos distintos da clase III tende a reducirse, con preferencia pola adaptación ao modelo dos parisílabos con nom. sg. en -IS
- ✚ O número de casos redúcese a tres:

NOMINATIVO	Suxeito + vocativo
ACUSATIVO	CD + “caso preposicional”
XENIT./DATIVO	Caso da ‘posesión’

3.2.1.2. O xénero

3.2.1.2.1. O xénero en latín

Os nomes poden diferenciarse, en canto ao xénero, de dúas maneiras diferentes:

- ☞ mediante o xénero “real”, é dicir, o que se basea na oposición sexual: BOS / VACCA; VIR / MULIER
- ☞ mediante o xénero “gramatical”: LUX (fem.), LUMEN (neutro). Non existe unha motivación obxectiva (un referente na natureza) para que o primeiro sexa feminino e o segundo neutro.

O xénero real pode ser expresado en latín de varias maneiras:

- ☞ con lexemas diferentes (oposición lexicolóxica), coas súas respectivas desinencias: PATER / MATER, FRATER / SOROR, PORCUS / SCROFA
- ☞ con oposición morfolóxica, mediante desinencias específicas (as máis frecuentes, /US/ - /A/): EQUUS / EQUA, SERVUS / SERVA
- ☞ con axuda de infixos especiais para o feminino, como poden ser /IN/ (GALLUS/ GALLINA, REX/ REGINA) ou /ISS/ (PROPHETA/ PROPHETISSA)
- ☞ con alternancia de dúas variantes dun mesmo sufixo, propias cada unha delas dun xénero, e en distribución complementaria: /ATOR/ - /ATRIK/: AMATOR / AMATRIX

3.2.1.2.2. Innovacións no latín falado (especialmente en época tardía)

A principal é, sen dúbida, a progresiva desaparición do xénero neutro, á que contribuíron diversos factores, como:

- a) a escasa motivación do xénero gramatical en xeral, sobre todo no caso do neutro, que non se corresponde con ningún sexo “natural”;
- b) a tendencia, xa no latín clásico, a facer masculinos os neutros, do que existen exemplos dabondo dende Plauto (DORSUS por DORSUM), e bastantes máis aínda en Petronio (VINUS, CAELUS...); ademais, os plurais neutros en /A/ son tomados como colectivos singulares (FOLIA, PIRA), e neutros abstractos, usados con frecuencia en plural, por razóns de énfase, incorporáronse ao fem. sg. (GAUDIA, FORTIA...);

- c) sincretismo entre o masc. e o neutro no xenitivo, dativo e ablativo (sg. e pl.), ademais do sincretismo no acus. sg. da clase II;
- d) as evolucións fonéticas que determinan o sincretismo de formas correspondentes a casos e xéneros diferentes.

A pesar disto, conserváronse restos do neutro latino en determinadas circunstancias e de maneira diferenciada nalgunhas linguas románicas. Así,

- en **romanés**: mantéñense formas que remontan aos plurais neutros en /A/, que pasan a /e/ (*brat - brate, deget - degete; telefon - telefoane*), e dos plurais en /ORA/, que pasan a /uril/ (*timp - timpuri; loc.- locuri, desert - deserturi*);
- en **italiano**: consérvanse tamén plurais en /A/ que seguen tendo valor colectivo, polo que poden convivir con plurais masculinos (*il braccio - le braccia, il dito - le dita [e i diti]*), e en /ORA/ (*prato - pratora, fuoco - fuocora*)²;
- en **retorrománico**: existen aínda plurais en /A/ con valor colectivo, ao lado dos plurais analóxicos: *per* 'pera' - *pers* 'peras' (consideradas unha a unha) / *pera* (colectivo);
- en **francés**: queda algún resto de plurais en /A/, máis frecuentes no francés antigo (*doie* (< DIGITA), *carre* (< CARRA));
- en **galego, portugués, español**: os restos dos plurais neutros en /A/ (tipo *braza*) son interpretados normalmente como singulares morfolóxicos con valor colectivo.

En calquera caso, coa desaparición do neutro, o máis digno de destacar é o debilitamento do **papel sintáctico** dos xéneros, en paralelo á súa substitución por procedementos **sintagmáticos**.

3.2.1.2.3. Expresión do xénero nos nomes de árbores e froitos

Os nomes de árbores eran en latín femininos da clase II (PIRUS 'pereira', CERASUS 'cerdeira'), da IV (QUERCUS 'carballo') ou da III en /OR/ (ARBOR). Aquí, o xénero non estaba totalmente inmotivado, xa que as árbores son seres vivos que nacen, crecen e dan froito como as femias. O froito expresábase normalmente mediante o neutro: PIRUM.

No proceso que levou á desaparición do xénero neutro, puido suceder que PIRA (nom. e acus. pl. neutro) pasara a adquirir un sentido colectivo (lémbrese o dito máis arriba), a medio camiño entre unha forma singular e unha plural, ata acabar identificándose con un fem. sg. da clase I. E isto puido levar tamén aos nomes de árbores a pasarse, por un efecto diferenciador, ao xénero masculino. De todos modos, neste campo as linguas románicas non se comportan de xeito uniforme:

	árbore	froito
italiano	<i>Il pero</i>	<i>la pera</i>
francés	<i>le poirier</i>	<i>la poire</i>
galego	<i>a pereira</i>	<i>a pera</i>
español	<i>el peral</i>	<i>la pera</i>

Como pode advertirse, o nome da árbore procede en ocasións dunha forma derivada mediante un sufixo, case sempre dun sintagma tipo ARBOR PIRARIA (ou PIRARIUM, con cambio de xénero) 'árbore que produce peras', por elipse do substantivo e conseguinte substantivación do adxectivo.

² Dende o punto de vista morfosintáctico, en latín non existe diferenza entre os plurais neutros da clase II (TEMPLA) e os da III (TEMPORA), pero esa terminación /ORA/ da III vaise propagar no latín tardío dalgunhas zonas aos substantivos da clase II e IV, como se advirte nalgúns resultados do italiano antigo (*fruttora, campora, tettora*), e incluso do italiano actual, como *pecora*, que funciona xa como singular, polo que adopta un novo plural *pecore*.

3.2.1.2.4. A expresión do xénero nos adxectivos

Os adxectivos expresaban o xénero (un dos elementos que establecían a 'concordancia' cos substantivos) adaptándose a un dos seguintes modelos:

- ✚ adxectivos de tres terminacións: -US (masc.), -A (fem.), -UM (n.)
- ✚ adxectivos de dúas terminacións: -IS (masc. e fem.), -E (n.)
- ✚ adxectivos de terminación única (masc., fem. e n.), tipo PRUDENS

Evolución:

- ☞ A progresiva desaparición do neutro provoca que os adxectivos do primeiro tipo acaben tendo só dúas formas distintas (-US / -A).
- ☞ O resto dos adxectivos tende a ir asimilándose a ese tipo, desenvolvendo unha forma específica en -A para expresar o xénero fem.

3.2.1.3. Os graos de comparación

3.2.1.3.1. Situación latina:

- ☞ comparativo de superioridade: MARIUS EST FORTIOR PETRO / QUAM PETRUS - MARIUS EST FORTIOR CETERIS / QUAM CETERI
- ☞ comparativo de inferioridade: MARIUS EST MINUS FORTIS PETRO / QUAM PETRUS - MARIUS EST MINUS FORTIS CETERIS / QUAM CETERI
- ☞ comparativo de igualdade: MARIUS EST TAM (TANTUM) FORTIS QUAM (QUANTUM) PETRUS
- ☞ superlativo: MARIUS EST FORTIOR E DUOBUS / MINUS FORTIS E DUOBUS - MARIUS EST FORTISSIMUS OMNIUM / MINIME FORTIS OMNIUM

Variantes:

- A) GRANDIS - GRANDIOR / IUS - GRANDISSIMUS; SANUS - SANIOR - SANISSIMUS.
- B) MALEDICUS - MALEDICENTIOR - MALEDICENTISSIMUS.
- C) ARDUUS - MAGIS ARDUUS - MAXIME ARDUUS (O MESMO PARA OS ADX. EN -EUS, -IUS)
- D) BONUS - MELIOR - OPTIMUS; MALUS - PEIOR - PESIMUS; MAGNUS - MAIOR - MAXIMUS; PARVUS - MINOR - MINIMUS.

3.2.1.3.2. Modificacións experimentadas no latín falado

A fundamental consiste en substituír a posibilidade de formación sintética pola analítica.

A elo contribuíron varios factores:

- a) a tendencia á afectividade e a expresividade.
- b) a tendencia á regularización (non sempre era igual -nin sequera posible, ás veces- a formación sintética).
- c) o modelo das formas de inferioridade (sempre analítico).
- d) o modelo formal dos adxectivos en -EUS, -IUS, -UUS.
- e) a tendencia xeneral do latín falado de época tardía ás formacións analíticas.

Exemplos do cambio:

MAGIS ARGUTUM (Plauto), MAGIS SEVERUS, MAGIS CONTINENS (Terencio), MAGIS ALTIS LOCIS (Vitruvio), PLUS MISER (Ennio, Tertuliano), PLUS NOTUS (Sidonio Apolinar)...

Hai contaminacións, como:

RADIX PLUS GROSSIOR EST CANNAE (Dioscorides)
NIHIL ENIM PLUS UTILISSIMUS EST (Oribasio)
VINUS QUAM PLUS VETUSTIOR (Oribasio), ...

Solucións romances: esp. *más dulce*, gal. e port. *mais doce*, rom. *mai dulce* / fr. *plus doux*, prov. *plus douz*, ital. *più dolce*.

3.2.1.3.3. Introducción do segundo termo

a) O ablativo sen preposición (PETRO, CETERIS) vai ser introducido agora por DE ou AB (máis tarde, só DE). Cfr., por ex., ital. *Pietro è più forte di Paolo*.

b) QUAM manténse, como *ca (*Pedro é máis listo (do) ca tí*) ou *que (conflúe aquí na forma coa conxunción completiva *que*): *es más listo que tú*.

c) O xenitivo plural (OMNIUM) vai ser substituído tamén por DE + abl. ou acus. (DE OMNIBUS / DE OMNES).

d) A expresión E DUOBUS é substituída tamén por DE (DE DUOBUS / DE DUOS).

A consecuencia de todo isto, danse algunhas confusións aparentes, porque un sintagma do tipo PLUS FORTIS DE DUOS equivale (polo menos nalgúns lugares) tanto a 'máis forte que os (outros) dous' como a 'o máis forte dos dous'. Para salvar a oposición, fíxase a presenza do artigo determinado nas linguas románicas, porque, de acordo co seu significado orixinariamente demostrativo, préstase ben para individualizar unha unidade e extraela do termo da comparación en que está incluída: ILLU PLUS FORTIS DE DUOS ou ILLU FORTISSIMU DE TOTI (superlativos "relativos"). Posteriormente, a forma en -ISSIMU desaparecerá tamén desta posibilidade e xeneralízase ILLU PLUS (/MAGIS) FORTIS.

3.2.2. Os pronomes (ou substitutos do nome) persoais

3.2.2.1. Situación latina

	Sg.	pl.		Sg.	Pl.
Nom	EGO	NOS		TU	VOS
Acus..	ME	NOS		TE	VOS
Xen	MEI	NOSTRUM / I		TUI	VESTRUM / I
Dat	MIHI	NOBIS		TIBI	VOBIS
Ablat.	ME	NOBIS		TE	VOBIS

Observacións:

a) O dat. MIHI debeu de contraer en época temperá en MI, forma que aparece xa en Petronio (antes, en inscricións e testemuños diversos) e que probablemente está presente tamén na poesía.

b) Algunhas formas (MEI, TUI; NOSTRI, VESTRI) coinciden co posesivo.

c) Non hai distinción, en principio, entre formas tónicas e átonas.

d) Non existe forma propia de terceira persoa. O correspondente de EGO e TU é o substituto que funciona como reflexivo (SE, SUI, SIBI, SE; non téñ forma de nominativo, porque expresa a relación do suxeito consigo mesmo). De todos modos, emprégase IS (logo HIC, finalmente ILLE) como anafórico.

e) As formas de primeira e segunda persoa non expresan o xénero, porque os "interlocutores" están presentes, mentres que os demostrativos que funcionan como substitutos da terceira persoa teñen que indicalo, porque as persoas a que fan referencia están ausentes.

3.2.2.2. Innovacións do latín falado

A) A maior novidade é a fixación do pronome de terceira persoa, fenómeno que remonta aos primeiros tempos do Imperio:

Petronio: AT ILLE CIRCUMMINXIT VESTIMENTA SUA ET SUBITO LUPUS FACTUS EST.

carta do soldado Terenciano: SPECTEMUS ILLUM DUM VENIT.

Formulae Marculfi: ILLI VENIENS AD PRESENTIAM NOSTRAM SUGCESSIT.

B) Non menos importante é a elaboración de dúas series de formas: tónica / átona. A primeira segue tendo liberdade de colocación na frase, mentres que a segunda vaise fixar ao lado do verbo. Isto está en relación coa tendencia a ir fixando a orde de palabras na frase; é dicir, aumenta unha vez máis a importancia dos factores sintagmáticos sobre os paradigmáticos.

C) De acordo coa perda da flexión nominal, o xenitivo e o dativo van ser substituídos (na serie tónica, loxicamente) polo abl. ou acus. introducidos polas preposicións DE / AD respectivamente. Así, a flexión redúcese a:

	Sg.	pl.		Sg.	Pl.
Nom.	EGO	NOS		TU	VOS
Acus..	ME	NOS		TE	VOS
Dat	MI	(NOS)		TI(BI)	(VOS)

Na terceira persoa, a diversidade formal é maior:

- xa desde época antiga, téndese a asimilar as formas de ILLE ou IPSE ao modelo de BONUS. E isto dá lugar a: IPSUS (Plauto), dat. IPSO, ILLO (Apuleio), dat. fem. ILLAE, IPSAE, ...
- no nom. aparece ILLI (por ILLE), analóxico de QUI.
- as formas de xen. e dat. resultaban aberrantes, por aparecer nun número moi limitado de adxectivos. A analoxía determina a aparición dun xen. ILLUIUS (analóxico de CUIUS) e un dat. ILLUI (anal. de CUI) e ILLAEI. As formas de xenitivo, como vimos, non deixaron descendentes, pero as de dat. si.
- o xen. pl. ILLORUM extendeuse ao feminino e posteriormente, na serie tónica, substitúe tamén ao dativo (na átona mantense ILLIS).

3.2.3. Os posesivos

3.2.3.1. Situación latina

Un posuidor	MEUS, -A, -UM	TUUS, -A, -UM	SUUS, -A, -UM // EIUS
Varios	NOSTER, -TRA, -TRUM	VESTER, -TRA, -TRUM	SUUS, -A, -UM // EORUM, EARUM

O máis importante é a distinción entre a posesión reflexiva e a non reflexiva, que só se expresa formalmente na terceira persoa (MARCUS AMAT SUAM FILIAM / MARCUS AMAT EIUS FILIAM).

Os posesivos reflexivos expresan as categorías seguintes:

- a persoa do posuidor
- o número do posuidor (singular / plural)
- o número da cousa posuída (MEUS / MEI)
- o xénero do posuído (MEUS / MEA)

(O que non se expresa de ningunha maneira é o xénero do posuidor)

Pola súa parte, os posesivos non reflexivos expresan:

- o número do posuidor (EIUS / EORUM)
- só en plural, o xénero do posuidor (EORUM / EARUM)

3.2.3.2. Innovacións

A evolución máis importante no ámbito dos posesivos refírese á terceira persoa, pois pérdese a distinción entre reflexivo e non reflexivo, que xa non se manifestaba máis que aí.

Ao mesmo tempo, SUUS vai, por unha parte, a ampliar as súas funcións e, por outra, a reducilas.

A perda da distinción está documentada en textos tardíos:

ILLUC QUOQUE SUA FAMA PERVENERAT
MERITIS SUIS GRATIAS REFERRE VOLUI

Pero, nestes contextos, advírtese tamén que SUUS ten varios significados: 'del', 'dela', 'deles', 'delas', 'propio del', 'propio dela'...

Unha zona da Romanía resolverá en parte esta ambigüidade adaptando a forma ILLORUM (IPSORUM en Cerdeña), que, como veremos, pasara a substituír a EORUM / EARUM, para referirse a varios posuidores:

NE OMNIS ILLORUM RELIGIO INANIS SIT
PERSOLVANT PER OMNES GENERATIONES ET SUCCESSIONES ILLORUM

Outras modificacións que afectan ao latín falado son:

- ✚ VESTER faise VOSTER, por anaxoxía con NOSTER
- ✚ ao igual que nos pronomes persoais, establécese, xa no latín tardío, unha distinción entre serie tónica (pronomes) e átona (adxectivos), que non afecta, sen embargo, a toda a Romanía (gal. *o meu libro, o libro é meu* / esp. *mi libro, el libro es mio* / fr. *mon livre, le mien, le livre est. à moi*). As formas átonas están sometidas a unha forte redución fonética, debido á súa posición proclítica con respecto ao substantivo ao que determinan.

3.2.4. Os demostrativos

3.2.4.1. Situación latina:

Pr. pers.	EGO	TU	(IS)
Determinativo		IS	
Demostrativos	HIC	ISTE	ILLE
Identidad		IPSE	

3.2.4.2. Movementos evolutivos:

1. HIC → IS
2. ISTE → HIC
3. IPSE → ISTE
4. ILLE → (IS)
5. artigo
6. ISTE IPSE / METIPSE / METIPSIMUS
7. ECCILLE

3.2.4.3. Reestructuración

Pr. pers.	EGO	TU	ILLE
Determinativo		(ILLE)	
Demostrativos	ISTE	(IPSE)	ECCILLE
Identidad		(METIPSE)	
Artigo		ILLE / IPSE	

3.2.5. Formas de identidade e alteridade

3.2.5.1. Identidade

Para expresar a identidade existían dúas formas: IPSE, que indica identidade no sentido de 'non alleo' (*Pedro mesmo* 'el e non outro calquera') / IDEM, que indica identidade no sentido de 'non diversidade' (*o mesmo libro* 'ese que xa coñecemos e non outro diferente').

En latín tardío, acabou por perderse esa distinción (substituída por procedementos "sintagmáticos", como é a orde que ocupa ao lado do substantivo) e IDEM desapareceu, en parte a consecuencia da desaparición de IS (sobre o que estaba formado), pero tamén posiblemente a causa da tendencia á expresividade que deu entrada a formas novas. IPSE, pola súa parte, pasou a integrarse – polo menos nunha parte da Romanía – no sistema demostrativo, e mesmo puido funcionar como pronome persoal e evolucionar cara ao artigo.

Por outro lado, no latín falado, sobre todo na lingua dos escravos, IPSE utilizábase para referirse ao señor (o amo) e podía adoptar a forma "superlativa" IPSIMUS, que acaba sendo de uso moi frecuente. Estas variantes combináronse na fala co MET que servía de reforzo aos pronomes persoais (EGOMET, ILLEMET...), dando lugar a METIPSE, METIPSIMUS, que se distribúen polas linguas románicas.

Ao seu carón, polo menos en Italia, recorreuse ao reforzo ISTE + IPSE, do que deriva *stesso*.

3.2.5.2. Alteridade

O contrario da 'identidade' é a 'alteridade', que revestía tamén dúas modalidades: non idéntico, no sentido de 'alleo' / non idéntico no sentido de 'diferente'.

Para designar o 'alleo' emprégábanse dúas formas: ALTER 'outro (entre dous)' / ALIUS 'outro (entre máis de dous)'. O primeiro deles podía usarse en correlación consigo mesmo: ALTER – ALTER 'un e outro'; e precisamente esta oposición entre dous elementos é a máis forte, polo que ALIUS non debeu ter moita fortuna na lingua falada, agás tal vez na forma neutra (ALIUD, da que deriva por exemplo o galego medieval *al*). Ademais, precisamente para resaltar esa oposición entre dúas unidades, ALTER aparece con frecuencia reforzando os pronomes NOS e VOS (pénsese nas formas románicas do tipo *nosotros, noialtri, nous autres...*).

Para referirse ao 'diferente' podía usarse ALIUS, pero existían múltiples posibilidades máis expresivas (DIVERSUS, DISSIMILIS, DISPAR...), das que se mantiveron algunhas, aínda que o sistema foise enriquecendo progresivamente coa incorporación de novas posibilidades.

3.2.6. Relativos e interrogativos

O interrogativo é, en parte, o responsable da ruina morfolóxica do relativo, posto que existía un interrogativo substantivo (pronome) e outro adxectivo, e o segundo coincidía formalmente co relativo:

Singular	plural
QUI, QUAE, QUOD	QUI, QUAE, QUAE
QUEM, QUAM, QUOD	QUOS, QUAS, QUAE
CUIUS	QUORUM, QUARUM, QUORUM
CUI	QUIBUS
QUO, QUA, QUO	QUIBUS

O pronome interrogativo, pola súa parte, ofrecía diferencias con este paradigma no nominativo singular (onde distinguía unicamente entre QUIS –masc. e fem.- e QUID –neutro-) e no acusativo (QUEM –masc., fem.- / QUID –neutro-).

Era, por conseguinte, un sistema bastante complexo, que estaba condenado a simplificarse. E a simplificación empezou pola perda da forma QUIIS, a favor de QUI, que, en compensación, pasou a ser utilizado indistintamente para masculinos e femininos (é dicir, quedou inmobilizado en canto ao xénero). Nas inscricións funerarias son frecuentes os exemplos do tipo de:

AURELIA QUI POSIT TITULO
MEMORIA QUEM FECET PATER

De xeito progresivo, o neutro relativo QUOD (que coincidía formalmente coa conxunción completiva) foi substituído por QUID (interrogativo), pero non chegou a desaparecer como sucedía cos substantivos neutros, porque tiña a vantaxe de poder aplicarse a un antecedente menos concreto que a forma masc./fem.

No plural, tamén se perdeu a distinción entre masc. e fem., de maneira que a oposición que se establecía era:

Masc./fem	Neutro
QUI	QUAE
QUOS	QUAE
	QUORUM
	QUIBUS

O neutro QUAE foi sendo substituído paulatinamente por QUID, e iso fixo que tamén o resto das formas acabasen sendo substituídas polas correspondentes do singular, de maneira que o sistema vivo na lingua falada, alomenos a partir do tardo Imperio, debeu ser:

	Nom.	QUI / QUID
	Acus.	QUEM / QUID
	Xenit.	([DE] UNDE)
	Dat.	CUI

3.2.7. Cuantitativos

3.2.7.1. O grao cero, en latín, estaba representado por NEMO (pronome, referido sempre a persoas: NE HOMO) e NIHIL (neutro, aplicable a cousas).

Pero a lingua falada prefería recorrer a formas máis expresivas, froito de perífrases constituídas pola conxunción copulativa negativa máis un adxectivo cuantitativo (so ou reforzado con ipse): NULLUS (< NE ULLUS), NE(C)+UNUS (NEQUE+UNUS, para o romanés *niciun*), NE+IPSE+UNUS, que acabarían desprazando a NEMO.

No canto de NIHIL aparecen múltiples posibilidades: NE GENTE, NULLA RES, RES NATA, NEC GUTTA...

3.2.7.2. Nos graos intermedios, pódense establecer varias posibilidades:

- a) PAUCUS, que se mantivo
- b) ALIQUIS 'algún', QUIDAM 'algún, certo', ALIQUANTUS..., o primeiro dos cales viuse reforzado por UNUS (*ALICUNUS); ao seu lado, poden detectarse outras formas expresivas como TALIS+UNUS y outras
- c) 'bastante' (que ven equivaler á correspondencia co límite): SATIS, que foi reforzado coa preposición AD (AD+SATIS); ou substituído polo participio presente de *BASTARE.
- d) MULTUS, ben conservado, aínda que tamén aquí entraron en concurrencia formacións máis expresivas (pénsese, por exemplo, no fr. *beaucoup*, de BELLU+*COLPU)

e) 'demasiado' (grao intermedio superior ao límite); NIMIS non tivo demasiada fortuna e foi substituído por un préstamo xermánico, *THORP, por locucións nas que entra o adverbio MAGIS...

3.2.7.3. A totalidade pode ser entendida de varios modos diferentes:

a) como resultado da suma de todas as unidades que se toman en consideración: OMNIS, CUNCTUS, TOTUS

b) todas as unidades vistas unha a unha): QUISQUE (→ QUISQUE UNUS; KATA UNUS...)

c) 'enteiro', que non falta nada: INTEGER.

Para indicar que pode ser escollida unha parte calquera dun todo, existían varias formas, das que posiblemente a máis usada era QUISQUIS. Neste ámbito entraron formacións nas que intervén o verbo 'querer' (o latín xa tiña tamén QUIVIS) ou o verbo 'ser'

3.2.8. O sistema verbal

3.2.8.1. Modelos de flexión (4/5 → 3/2)

3.2.8.2. Formas "nominais" do verbo: redución das categorías temporais.

3.2.8.3. Cambios de valor dalgunhas formas temporais e modais (e ampliación do sistema verbal no relativo a aspectos temporais)

3.2.8.4. Voz pasiva

infectum	perfectum	<i>Evoluciona a</i>	Infectum	perfectum
AMOR	AMATUS SUM		AMATUS SUM	AMATUS FUI
AMABAR	AMATUS ERAM		AMATUS ERAM	AMATUS FUERAM
AMABOR	AMATUS ERO		AMATUS ERO	AMATUS (FUERO)

3.2.8.5. A expresión do futuro

AMABO, HABEBO → AMARE HABEO; HABERE HABEO [*VOLEO, DEBEO]

DICAM, AUDIAM → DICERE HABEO; AUDIRE HABEO [*VOLEO, DEBEO]

3.2.8.6. Os tempos do perfectum

- a) PORTO **PORTAVI**
PORTABAM **PORTAVERAM**
PORTABO **PORTAVERO**
- b) PORTO **HABEO PORTATUM**
PORTABAM **HABEBAM PORTATUM**
PORTAVI **HABUI PORTATUM**
(PORTABO) **HABERE HABEO PORTATUM**

3.2.9. A orde de palabras na oración

Restricción na liberdade de colocación

Relacións "de proximidade" (subst. + adx., núcleo + complemento, antecedente + relativo...)

3.2.10. A oración "composta"

3.2.10.1. As subordinadas completivas

3.2.10.2. Os períodos hipotéticos

3.2.10.3. Desaparición de conxuncións latinas e expansión de QUOD (“nominalizador”), con aparición de novas conxuncións nas que entra a formar parte ese elemento

3.3. A evolución do léxico

3.3.1. Procedementos de formación de palabras

3.3.1.1. Composición

- Inscr. pompeianas *matrona culibonia, piscicapi* ‘pescadores’, *seribibi* ‘bebedores nocturnos’
- Ap. Pr. 22 *aquae ductus, non aquiductus*
- Ap. Pr. 159 *terrae motus, non terrimotium*
- Petronio *caldicerebrius* ‘de cabeza quente’, *larifuga* ‘sen fogar’
- **Mulomedicina** *Chironis*
- *bene-, male- // -dicus, -ficus, -volus*

3.3.1.2. Derivación

1.2.1. prefixos: a(d)-, in-, per-, de-.....

1.2.2. sufixos: -arius; -tor; -izare....

1.2.3. parasíntese: de-gener-are; in-odi-are; etc.

3.3.2. Préstamos

3.3.2.1. Linguas de substrato

3.3.2.2. O “adstrato” grego

3.3.2.3. Linguas de superestrato

3. Cambios semánticos

3.3.3.1. Restriccións: *necare* / ampliacións (sinécdoque) semánticas: *casa, caballus*

3.3.3.2. Metáforas: glosario s. X: *testa: caput vel vas fictile / papilio*

3.3.3.3. Metonimias: *focus* (por *ignis*), *bucca*, por *os*

3.3.3.4. Elipse: *lunae (dies)*